

# PROGRAMA MENTORING ALUMNI-UVIGO



Alumni

UniversidadeVigo

# GUIA DA PERSOA QUE ACTÚA COMO MENTORA

Con este programa de mentorías a **Universidade de Vigo** quere lograr que o seu estudiantado dos últimos cursos de grao, de mestrado, de doutoramento e acabados de titular melloren as súas habilidades para a empregabilidade a través da orientación e asesoramento por parte dun ou dunha profesional en exercicio da súa mesma área de coñecemento, así como do persoal que forma parte do servizo de orientación laboral da propia universidade.

**O obxectivo final é mellorar da inserción laboral das persoas participantes neste programa.**



# QUEN PODE SER MENTOR/A?

Calquera profesional rexistrado na comunidade alumni-UVigo que teña experiencia nun determinado sector e que queira dedicar, de xeito altruísta, unha pequena parte do seu tempo a compartir a súa experiencia profesional, apoio, motivación e crítica construtiva co obxectivo de mellorar a inserción profesional do estudiantado e dos titulados e tituladas da **Universidade de Vigo** no seu percorrido á incorporación ao mercado laboral.



## ALTA NO PROGRAMA

Podes darte de alta no Programa mentoring alumni-UVigo cubrindo o **formulario** que tes a túa disposición na páxina **web da comunidade Alumni-UVigo**.



# SESIÓNS DE MENTORIZACIÓN



A asignación da persoa que se mentorizará farase desde o servizo de orientación laboral da Área de Emprego da Universidade de Vigo.



As sesións de mentorización poderán realizarse de maneira presencial ou en liña (videoconferencia, chamada, email, etc.). Serán a persoa mentora e a mentorizada quen pacte a canle de comunicación.



O mentor/a facilitará á persoa que titorice os medios de contacto que debe usar para realizar as consultas.



No caso de que se opte por encontros presenciais, a Universidade de Vigo pon á súa disposición, o espazo de cotraballo do Edificio Redeiras (Vigo), o espazo Incuvi (campus de Vigo), e campus de Ourense e de Pontevedra.



Ao finalizar cada mentoría, a persoa mentora deberá cumprimentar o cuestionario. Con esta información este servizo poderá valorar o desenvolvemento do programa e analizar os datos obtidos.

# COMPROMISOS

- Participar no Programa mentoring alumni-UVigo **polo menos durante un curso** académico (de setembro a xullo).
- Mentorizar **polo menos un ou unha estudante ou egresado** da Universidade de Vigo durante o ano académico correspondente. O número máximo de estudantes e/o egresados que queira mentorizar simultaneamente durante o curso académico será determinado polo propio mentor/a, en función da súa dispoñibilidade, no momento de solicitar alta no programa.
- Facilitarlle á persoa mentorizada o **contacto con outros ou outras persoas profesionais** para realizar as prácticas, procura de emprego etc.
- Realizar polo menos **dúas sesións** de mentorización con cada un dos mentee que teña asignados.
- **Completar** as mentorías que estean en curso antes de dar por finalizada a súa participación no programa.





## COMO DARSE DE BAIXA

Para darse de baixa do Programa mentoring alumni-UVigo débese remitir un correo electrónico a **alumni@uvigo.gal** e no asunto «Baixa Mentoring alumni-UVigo»



## CONTACTO E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Para calquera dúbida enviar un correo electrónico ao enderezo **alumni@uvigo.gal**.

No caso de que existise un conflito entre as dúas partes (mentor/a e mentorizado/a) utilizarase este mesmo correo, para poñer en coñecemento o equipo de coordinación do programa, quen intercederá na súa resolución.